


CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



RVB
2013

XUNTA DE GALICIA

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



RVB 2013

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

ÍNDICE

1. Presentación

Roberto Vidal Bolaño: Unha memoria

2. Producción propia

Días sen gloria

Fefa Noia, directora

3. Coproducións

3.1. *Teatro do Aquí*

Criaturas

3.2. *Teatro Antroido*

BailadELAS - Seis mulleres bolañesas

3.2. *Teatro do Noroeste*

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Touporroutou da lúa e do sol

4. Outras actividades

4.1. *Premio Roberto Vidal Bolaño ao espectador*

4.2. *Roberto Vidal Bolaño recuperado.*

Citas audiovisuais

4.3. *Traballos escénicos coas aulas de teatro universitarias*



O1

PRESENTACIÓN

Roberto Vidal Bolaño: Unha memoria

Afronta o Centro Dramático Galego o ano 2013 determinado por un acontecemento excepcional para o conxunto do sistema teatral galego. Por primeira vez na súa historia a Real Academia Galega decidiu adicar o Día das Letras Galegas a un dramaturgo, a un creador que dirixiu, estritamente, a súa actividade literaria á ideación de textos teatrais. Iso ten para a historia das artes escénicas do noso país unha enorme transcendencia na medida que canoniza un escritor que, ademais, decidiu, nun acto de coraxe e madurez, consagrar a súa vida profesional á práctica escénica en Galicia e en galego. E isto, como é obvio, sobrepasa a exclusiva dimensión literaria para abrir un horizonte que percorre o mundo da cultura galega na súa dimensión escénica e audiovisual.

Non ignoramos que a existencia desta Unidade de Producción Teatral foi froito, tamén, de xestos como os que Roberto Vidal Bolaño e outros seus compañeiros de xeración asumiron na altura de mil novecientos setenta e oito, perseverando no seu empeño e afrontando as dificultades inherentes a aquela decisión.

Daquela, para o Centro Dramático Galego ábrese un ano que deberá ser particularmente intenso na súa acción, xa que este espazo de creación teatral non debe nin que-
re renunciar a converterse no grande catalizador das accións escénicas que acompañen á promoción da figura de Roberto Vidal Bolaño.

Por iso decidiuse que por primeira vez na historia do Centro Dramático Galego esta Unidade de Producción adique exclusivamente toda a súa actividade anual a impulsar e difundir a obra deste autor.

Deseñamos por iso, malia as dificultades orzamentarias nas que nos atopamos, un cobizoso programa que intenta recoller e sumar distintas iniciativas escénicas co obxectivo explícito de rescatar unha memoria decisiva no acontecer histórico do Teatro Galego.

MANUEL GUEDE OLIVA
Director do Centro Dramático Galego

O2

PRODUCCIÓN PROPIA



Días sen gloria

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Inicio dos ensaios: 11 de febreiro

Distribución en Santiago: ata o 28 de abril

Distribución en Galicia: ata finais de xuño

Estrea: 5 de abril, no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Este texto, premiado en 1992 co galardón Rafael Dieste convocado pola Deputación da Coruña, designa de xeito significativo o universo teatral de Roberto Vidal Bolaño. A súa querencia pola derrota como tema, as características dos seus personaxes, sempre fronteirizos, abeirando decote territorios de marxinalidade e rebeldía, compárecen aquí, co Camiño de Santiago como excusa, xa desde unha pulsión de franca madurez. De aí a decisión de incorporar a peza ao repertorio do CDG.

Será defendida na dirección pola galega Fefa Noia, o que introduce un elemento que paga a pena considerar: será a primeira ocasión que unha muller afronte o reto profesional de levar a escena un texto de Roberto Vidal Bolaño.

A asistencia á dirección corresponderalle a Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño e coñecedor profundo da obra do autor.

A escenografía será responsabilidade de Baltasar Patiño, e o espazo lumínico será obra de Pedro Yagüe, último premio Max das Artes Escénicas de iluminación. O figurinismo correrá a cargo de Alejandro Andújar, recoñecido escenógrafo e figurinista que ten traballado nos últimos anos cos mellores directores de escena de España.

O elenco actoral encabezado por Manuel Manquiña conta, ademais, con Sergio Zearreta, Eva Souto, Felisa Segade e Borja Fernández. Un solvente reparto destinado a esforzarse notablemente para defender un número considerable de personaxes: máis de vinte.

Fefa Noia, directora

Tras licenciarse en Filoloxía Alemá na Universidade de Santiago de Compostela, cursa o doutorado en Teoría da Literatura e Literatura Comparada, e adquire a Suficiencia Investigadora. Ingresa no Instituto de Ciencia Teatral na Ludwig-Maximilian-Universität (Múnic), onde presenta a súa tese doctoral. Tamén foi subvencionada pola Fundación Barrié de La Maza, así como polo MAEC-AECID de Ampliación de Estudos Artísticos da Academia de España en Roma.

Traballa como actriz en Minerva Teatro (de 1993 a 1996), en once montaxes baixo a dirección de Roberto Leal: *Xardín de outono*, *O soño de Hollywood*, *La casa de Bernarda Alba*, *Doña Rosita la soltera*, *O que tal nos fixo Adán*, *La cámara negra*, *Entreacto*, *Collage para un Ultramarinos*, *K*, *Des-contos* e *Todo sen a pasta*. Para o Grupo Galilea, dirixido por Pedro Rubín Garrido, actúa en *Descubrir a lectura é un espectáculo*, *Trasnos*, *Nenerías* (un texto da súa autoría) e *O pauto do demo*. Ademais, intervén na montaxe *Primeiro Movemento para Figuras Brancas*, representada no Millenium Festival da Capitalidade Cultural Europea, nas montaxes de Matarile Teatro *Rose war blau* (*Rosa era Azul/Rosa estaba Triste*) e *Totentanz* (*Danza dos Mortos*), dirixidas por Ana Vallés, e na Festspielhaus de Múnic (2000-2002).

Asemade, colabora como axudante de dirección en *Calígula* de Albert Camus (dirixida por Manuel Guede Oliva en 2000 para o Centro Dramático Galego) e de 2002 a 2010 nas montaxes de Teatro de la Abadía *Azaña, una pasión española* de Manuel Azaña (dir. José Luis Gómez), *Memoria de un Olvido* de Luis Cernuda (dir. José Luis Gómez), *El Rey Lear*, de W. Shakespeare (dir. Hansgünther Heyme), *El Rey se muere* de Eugène Ionesco (dir. José Luis Gómez), *Sobre Horacios y Curiacios* de Bertolt Brecht (dir. Hernán Gené), *Nada es como es sino como se recuerda* de varios autores (dir. José Luis Gómez), *Largo viaje hacia la noche* de Eugène O'Neill (dir. Àlex Rigola), *Informe para una academia* de Franz Kafka (dir. José Luis Gómez), *Play Strindberg* de Friedrich Dürrenmatt. (dir. Georges Lavaudant), *Me acordaré de todos vosotros* de varios autores (dir. Ana Vallés), *El burlador de Sevilla* de Tirso de Molino (dir. Dan Jemmett), *El arte de la comedia* de Eduardo de Filippo (dir. Carles Alfaro) e *El mal de la juventud* de Ferdinand Bruckner. (dir. Andrés Lima). As últimas montaxes nas que exerceu como axudante de dirección son

Falstaff de W. Shakespeare. (dir. Andrés Lima) para o Centro Dramático Nacional, 2010-2011, e *El lindo don Diego* de Agustín Moreto (dir. Carles Alfaro) para a Compañía Nacional de Teatro Clásico, 2012-2013.

Como directora, asina as pezas *Andorra* de Max Frisch (Teatro de La Abadía, 2007), *El Caballero* de José Ramón Fernández (EscénaTe, 2008), *Está llegando Amadís* de José R. Fernández (EscénaTe, 2008), *El coloquio de los perros* de Miguel de Cervantes (Corral de Comedias/Teatro de La Abadía, 2009), *Viaje al interior de la BN* de José R. Fernández (EscénaTe, 2009), *La enfermedad de la juventud* de Ferdinand Bruckner (Teatro de La Abadía, 2009), *Wild Wild Wilde* de José R. Fernández a partir de *De Profundis* de Oscar Wilde (da súa compañía Los Lunes, 2011), *El amor enamorado* de Lope de Vega (La Caimana, 2011), *La muerte del contribuyente* de Pawel Demirski (CDN; Lectura dramatizada, 2011), *Cuerdas* de Bárbara Colio (CDN; Lectura dramatizada, 2011), *El libro infinito* de José R. Fernández (EscénaTe, 2012), *S.P.Q.R. Si vis pacem para bellum* de vv.aa. (Real Academia de España en Roma) e *Cuerdas* de Bárbara Colio (Los Lunes, 2012).



03 COPRODUCCIÓN

Para contribuír á celebración do Día das Letras 2013, o Centro Dramático Galego optou por un novo modelo de xestión –dentro dos recursos dispoñibles– para favorecer a súa presenza institucional na maior parte dos eventos escénicos que se formulasen desde a iniciativa privada e acadar así a mellor eficacia posible na divulgación da obra de Roberto Vidal Bolaño.

Para iso, estableceuse un criterio que ten que ver coa vinculación das propostas seleccionadas coa propia memoria profesional do autor, así como coa súa traxectoria, de tal xeito que a defensa do modelo se incardina nun xeito de homenaxe ao percorrido realizado por Vidal Bolaño ao longo da súa vida.

03.01. TEATRO DO AQUÍ

Estrea: 19 de abril no Pazo da Cultura de Narón

CRIATURAS Teatro do Aquí

Esta proposta de Teatro do Aquí para coproducir co CDG o espectáculo *Criaturas*. Ten como característica principal e determinante a de vir defendido pola última compañía da que o autor foi o responsable e *alma mater*.

O proxecto escénico será un *aggiornamento* ou posta en valor da montaxe dirixida por el mesmo no ano 2000, recuperando para iso gran parte dos actores que a puxeron en escena no seu día. Daquela, e aínda que no teatro dificilmente se poden establecer franquicias dado o seu carácter irreproducíble, si que é o que máis se aproxima a ese modelo de reposición.

Evaristo Calvo encargárase da dirección escénica deste espectáculo que conta cun elenco formado por Belén Constenla, Vicente de Souza, Xoan Carlos Mejuto e Antonio Salgado.

A compañía

En 1992 Roberto Vidal Bolaño funda, con Belén Quintáns, Teatro do Aquí, compañía coa que puxo en escena o máis poderoso da súa produción dramática e coa que,

ata o ano da súa morte, en 2002, se dedica con plenitude ao campo teatral, non só como dramaturgo, senón tamén como actor e director, iluminador, escenógrafo...

Desta época son as montaxes *Saxo Tenor* (de RVB, 1993), *Días sen gloria* (de RVB, 1993), *A ópera de a patacón* (de RVB, 1994), *Touporroutou da lúa e do sol* (de RVB, 1994), *O desengano do prioiro* (de Ramón Otero Pedrayo, 1995), *Oé, oé, oé* (de Maxi Rodríguez), *Anxeliños* (de RVB, 1996), *Rastros* (de RVB, 1997), *Doentes* (de RVB, 1998), *Sen ir máis lonxe* (de RVB, 1999), *Criaturas* (de RVB, 2000) e *Os papalagui* (de RVB, 2000). En 2002, Teatro do Aquí presenta *Animaliños*, o derradeiro traballo dramático de Vidal Bolaño, no que achega texto, dirección, espazo escénico e iluminación.

A pesar da morte do seu fundador, a compañía mantense activa ata o ano 2006 estreando os espectáculos *O cabodano* (de Euloxio R. Ruibal, 2002), *Camiño longo* (de Luís Rei, 2004), *Farois vermellos* (de Martín Descalzo, 2003) e *A ópera de a patacón* (de RVB, 2005) e agora, co gallo da dedicación do Día das Letras a Vidal Bolaño, volve aos escenarios coa reposición de *Criaturas*.

03.02.

TEATRO ANTROIDO

Estrea: 12 de maio na Coruña

BILADELAS – SEIS MULLERES BOLAÑESAS

Teatro Antroido

Teatro Antroido foi a primeira estrutura teatral que imaxinou Roberto Vidal Bolaño a principios dos anos setenta para poñer en pé o seu universo poético. Con ela deu o paso á profesionalización e con ela percorreu un camiño cheo de dificultades pero tamén inzado de froitos decisivos para o devir da nosa escena.

A persoa que o acompañou naquela aventura, Laura Ponte, rescata esta estrutura para, a xeito de homenaxe, reivindicar un tempo e un país a través da ollada de seis mulleres, representativas do universo literario de Vidal Bolaño e que responden a fragmentos das obras *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Bailadela da morte ditosa*, *Saxo Tenor*, *Días sen gloria*, *Rastros* e *Criaturas*.

Será a propia Laura Ponte a que defenda, desde a súa condición de actriz, este espectáculo. A responsabilidade da dirección recaerá en Roi Vidal e Xavier Estévez.

A compañía

O 16 de maio de 1978, dirixida polo dramaturgo, director e actor Roberto Vidal Bolaño e pola actriz Laura Ponte,

estrea —como primeira compañía profesional en Galicia— *Laudamuco*, *señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño (Premio Abrente 1976).

Despois virían as montaxes *Memoria de mortos e ausentes* (1978), *Antroido na rúa I* (1978), *Antroido na rúa II* (1979), *Xaxara*, *Peituda*, *Paniogas*, *Tarelo*, *o Rapaz* e *o Cachamón*, *ou como trocar en rato pequeno o meirande xigantón* (1979), *Bailadela da morte ditosa* (xunto con Teatro Andrómena na cooperativa Teatro do Estaribel, 1980), *Ruada das papas e do unto* (1981), *Touporroutou da lúa e do sol* (1982), *Romance dos figos de ouro* (1983), *Percival* (versión libre sobre textos de Xosé Luís Méndez Ferrín, 1983) e *Caprice des dieux* (1985), todas elas da autoría de Vidal Bolaño.

Teatro Antroido ocupa un lugar destacado na escena galega grazas a unha estética particular e renovadora baseada na utilización teatral de diferentes tradicións e xéneros artísticos, e realiza espectáculos de diversos formatos e públicos, tocando todos os paus da arte teatral, como o teatro de actores, o teatro infantil, o teatro de obxectos e o teatro de rúa.

03.03.

TEATRO DO NOROESTE + ESAD

Estrea: principios de outubro
no Salón Teatro de Santiago de Compostela

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL

Teatro do Noroeste + Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

O Centro Dramático Galego dirixiuse á compañía Teatro do Noroeste para propoñerlle a fórmula da coprodución nunha clara vontade optimizadora. A compañía pública entende que o teatro institucional ten que ser sensible ao público máis novo e dar resposta, tamén, a un proxecto de promoción e divulgación da figura do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2013 no ámbito educativo, maiormente no infantil e escolar, e vincular así as dobres competencias desta Consellería: Educación e Cultura.

E este proxecto de coprodución proposto é coherente co modelo formulado con carácter xeral: o percorrido pola memoria teatral de Roberto Vidal Bolaño.

Isto é así porque os actuais titulares da compañía Teatro do Noroeste foron no seu día cofundadores da Cooperativa Teatro do Estaribel, iniciativa teatral conformada polas compañías Teatro Antroido e Andrómena Teatro que puxeran en escena *Bailadela da morte ditosa*, un dos primeiros textos de Roberto Vidal Bolaño defendido por Eduardo Alonso, director que afrontará a responsabilidade artística de realizar o espectáculo *Touporroutou da lúa e do sol* coa súa actual compañía, Teatro do Noroeste.

Pero, ademais, as razóns da proposta a Teatro do Noroeste resultan de carácter ineludible: esta compañía é a única que posúe en exclusiva os dereitos de autor deste texto, considerado o de máis alta calidade escénica de todos os

escritos por Roberto Vidal Bolaño para o público infantil.

Nesta proposta de coprodución entre o Centro Dramático Galego, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e Teatro do Noroeste, a compañía pública galega porá a súa experiencia en coproducións de características semellantes e aportará todo o artellamento creativo do proxecto: concepción artística, realización de todos os deseños de escenografía, vestuario, iluminación, espazo sonoro e equipo actoral dirixido de acordo co proxecto artístico.

A implicación da ESAD no proxecto virá determinada por asumir toda a dimensión pedagóxica que requira, tal como a elaboración do estudo crítico do espectáculo e a unidade didáctica.

Ofrecerá o seu espazo para a realización do *casting* que se convoque e do que sairá o reparto actoral do espectáculo e facilitará a súa sala de exhibición para as funcións do espectáculo que se realicen en Vigo, ademais da xestión e captación de público infantil e familiar.

A compañía

Teatro do Noroeste é unha compañía profesional galega fundada no ano 1987. Na súa dilatada traxectoria de máis

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL

Teatro do Noroeste + Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

de vinte e cinco anos ten producido e distribuído unha gran cantidade de espectáculos. Actualmente vén de estrear a súa produción trixésimo segunda.

A esta compañía o modelo de coprodución co teatro institucional non lle resulta novo: así o fixo xa con *Estación Mahagonny* de Bertolt Brecht no ano 1998, co Centro Dramático Galego e o Centro Dramático de Viana do Castelo.

Especial relevancia ten a experiencia de combinar o traballo de actores e actrices recentemente egresados con outros xa con contrastada experiencia. Foi o caso da do-

bre montaxe de *Romeo e Julieta* de W. Shakespeare, inicialmente posta en escena en Galicia con actores recién titulados da ESAD xunto a unha veterana actriz habitual da compañía. Esta experiencia foi reformulada en Portugal e posta en marcha a través da ACE (Academia Contemporánea do Espectáculo) de Porto, que encargou o proxecto a Teatro do Noroeste, Centro Dramático de Viana do Castelo e Teatro do Bolhao de Porto.

04 OUTRAS ACTIVIDADES



04.01. PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO AO ESPECTADOR

Xa en 2012 instituíuse este galardón de carácter permanente dirixido a premiar ao espectador. A esta iniciativa, destinada a estimular a participación activa do público do Salón Teatro, é unha homenaxe máis para reivindicar a figura do autor, sempre preocupado polas políticas de captación e fidelización de públicos teatrais.

Vinculado á temporada de exhibición do Salón Teatro, ten como obxectivo recoñecer as achegas dos asistentes aos espectáculos programados no espazo escénico compostelán, sede do Centro Dramático Galego. Un xurado integrado polos propios traballadores da compañía pública valorará o interese de todas as suxestións, opinións ou comentarios que os espectadores fagan chegar a tra-

vés das fichas que poderán cubrir e depositar na caixa que para tal fin se sitúa á saída de cada unha das representacións. Deste xeito, xulgarase a suxestión máis atinada, a máis brillante, a máis audaz, a máis reflexiva, a máis construtiva...

Ademais do obxectivo de fomentar a actitude participativa do público, o Premio Roberto Vidal Bolaño preséntase como instrumento que contribúa a afondar o diálogo entre xestores e públicos destinatarios finais do feito escénico, de maneira que as apreciacións destes últimos incidan favorablemente no traballo desenvolvido polos responsables culturais e en beneficio da cultura galega en xeral.

04 OUTRAS ACTIVIDADES

2013





centro
dramático
galego
SALONTEATRO

VIDAL BOLAÑO RECUPERADO: CITAS AUDIOVISUAIS

FEBREIRO	NOVEMBRO
AGASALLO DE SOMBRAS Mér., 6	AS ACTAS ESCURAS Mér., 6
ROSALÍA Xov., 7	XELMÍREZ OU A GLORIA DE COMPOSTELA Xov., 7
LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES Mér., 13	A BURLA DO GALO Mér., 13
SAXO TENOR Xov., 14	MAR REVOLTO Xov., 14
ANXELIÑOS! Mér., 20	RASTROS Mér., 20
ANIMALIÑOS Xov., 21	CAPRICE DE DIEUX Xov., 21

04.02.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO RECUPERADO. CITAS AUDIOVISUAIS


O pasado 6 de febreiro comezou no Salón Teatro un ciclo de proxeccións audiovisuais de distintas obras teatrais de Roberto Vidal Bolaño. A escritora, crítica teatral e profesora da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia Inma López Silva e o profesor Xosé Manuel Fernández Castro, autor do estudo *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, son os encargados de guiar o coloquio posterior suliñando e destacando as características singulares da poética dramática do autor.

O ciclo iniciouse con *Agasallo de sombras*, espectáculo que Vidal Bolaño escribiu e dirixiu para o CDG en 1984, ano no que botaba a andar a compañía pública. No calendario de proxeccións figuran tamén outras seis producións do

CDG, das que catro son textos da súa autoría levados a escena por outros directores (*A burla do galo* en 2000 por Xan Cejudo; *Mar revoltó* en 2001 por José Martins; *Laudamuco, señor de ningures* en 2003 por Antonio Simón, e *As actas escuras* en 2010 por Xúlio Lago) e dúas son obras doutros escritores adaptadas e dirixidas por Vidal Bolaño (*Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, en 1999, e *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo, en 2001).

Ademais, o programa recupera a través destas proxeccións cinco das montaxes que Vidal Bolaño escribiu e dirixiu para as súas compañías Antroido (*Caprice de dieux*, de 1985) e Teatro do Aquí (*Saxo Tenor*, de 1993; *Anxeliños*, de 1997; *Rastros*, de 1998, e *Animaliños*, de 2002).

04 OUTRAS ACTIVIDADES



04.03. TRABALLOS ESCÉNICOS COAS AULAS DE TEATRO UNIVERSITARIAS

A través das aulas de teatro universitario de Santiago, A Coruña e Ourense desenvolverase un ciclo de propostas escénicas arredor dalgúns textos de Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de achegar a súa figura a un espazo que cómpre sensibilizar e gañar para o teatro galego: o universitario.

Ademais de promover a programación destes traballos, o Centro Dramático Galego colabora na mobilidade dos espectáculos nas mostras e festivais de teatro universitario de Galicia, así como na cesión de *atrezzo* e material escénico para a súa produción.

04.03.01.

AULA DE TEATRO DA USC. COMPAÑÍA DE TEATRO DO CAMPUS DE LUGO

ANIMALIÑOS

Aula de Teatro da USC. Compañía de Teatro do Campus de Lugo

Estrea: 3 de marzo, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo (XIX FITU)

Funcións: 24 de abril, no Teatro Principal de Ourense (XVIII MITU)

1 de maio, no Salón Teatro de Santiago de Compostela (XIV MOTUG)

A Coruña, pendente de confirmación

Elenco: Uxía Aguiar, Diego Ares, Lili Claro, Elba Fernández, Natalia Fernández, Moncho Ferreira, Mónica Folgueira, Cristina García, Guillermo Guada, Aline Marcimiano, Bea Miranda, Rubén Pérez, Roberto Rivas, Manuel Veiga, Raquel Velasco

Técnico de luces: Alfredo Sarille

Técnico de son: Julio Corredoira

Equipo técnico: Luzsonga

Deseño cartaz e programa: TATATA

Fotografía: Mario García Herradón, Sabela Eiriz, Bruno Martínez

Web-blog: Sabela Eiriz

Adaptacións e creacións musicais: Carlos Díaz

Axudante: Manuel Veiga

Espazo escénico: Paloma Lugilde co asesoramento de Manuel Zenitram e as mans de Julio Corredoira e Óscar Lago partindo da escenografía creada por Suso Díaz para O Público en 2006 por encargo desta compañía

Asistente de dirección e produción: Rubén Pérez Pombo

Dirección escénica e adaptación: Paloma Lugilde

Que somos?

Propietarios!

Para que estamos aquí?

Para adestrarnos!

Con que sagrada misión?

Para mellor gardar do noso xardín!

O noso xardín feito con moito amor, moito gusto e que costou os traballos dunha vida, non é o de Versalles pero son 116 metros, 11600 cm, 116000 mm de

Prestatario... capital... prazo... amortización... cuotas... tipo de interese ordinario variable... liquidacións por meses naturais vencidos... tipo básico de referencia Euribor... tipo de interés substitutivo ... Tasa

Anual Equivalente... tipo medio do conxunto de entidades... amortización anticipada total ou parcial... límites de variabilidade do tipo de interese... cláusula teito... cláusula chan... comisión de apertura... de gastos de estudo... de gastos de reclamación de posicións debedoras... de modificación de condicións/e/ou garantías... tasación do inmovible... aranceis notariais e rexistrais... imposto de actos xurídicos documentados... seguro de vida... asegurar a finca... intereses de demora... devolución anticipada do capital... impago dunha cuota... impago de intereses... execución extraxudicial da hipoteca... posible subasta... compensación de saldos...

e a culpa de todo téñena os caracois, coas súas babas, tal vez con Glufosinato de amonio... ou tal vez cun pouco de T...E...N...R...U...R...A

04.03.02

AULA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

A BURLA DO GALO

Aula de Teatro da UDC. Compañía Teatro NORMAL

Estrea: 10 de abril, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña

Elenco: Miguel Medina, Mélani Corral, Bea Martínez Figueroa, Sara Fernández Baldomir, Amelia Da Silva, Laura Blanco Mata, Leni Prieto, Diego Franqueira, Marcelino Fuentes

Espazo escénico: Iván Casal

Espazo sonoro: Roberto Casteleiro *Koroiev*

Iluminación: Afonso Castro

Fotografía: Mario Horro e Iván Casal

Axudantes de dirección: Laura Mariño e Santi Manteiga

Dirección: Rubén Ruibal

Todo o que eu quixen facer con esta miña aproximación ao mito de Don Xoán, foi ver de contribuír a facelo máis noso. Para o que hei confesar que procurei beber de todas as fontes, pero máis ca de ningunha outra desa de grande caudal que é Don Álvaro Cunqueiro e moi en especial dunha súa particular aproximación ao donxoanismo contida no seu *Merlín e Familia* e que el intitulou *O galo de Portugal*.

Roberto Vidal Bolaño

04.03.03

AULA DE TEATRO UNIVERSITARIO DE OURENSE COMPAÑÍA DE TEATRO CORDELIA (2º NIVEL)

RVB 2013

Aula de Teatro Universitario de Ourense. Compañía de Teatro Cordelia (2º nivel)

Estrea: abril, no Teatro Principal de Ourense (XVIII MITEU)

Son: Rubén Dobaños

Luz: José Bayón

Dirección e dramaturxia: Elena Seijo e Fina Calleja

Para os alumnos-actores de Cordelia *RVB 2013* é a súa primeira experiencia sobre as táboas e os textos de Roberto Vidal Bolaño constitúen unha ocasión única para a indagación sobre o traballo de actor e a complexidade da construción do personaxe.

Atrevémonos, non sen certa insolencia, a rescatar pasaxes maravillosas de *Rastros*, *Animaliños*, *Saxo Tenor*, *Anxeliños*, *Bailadela da morte ditosa* ou *Criaturas* para compoñer un mosaico emocional excitante, e constituír unha homenaxe coral e sentida á xenialidade de Roberto e ao seu pensamento.



RVB

2013